

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN MEDRANDO EN LUGO

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- 1.- Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN MEDRANDO EN LUGO".
2.- A asociación rexirase por estes estatutos, pola devandita lei e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.
3.- A asociación non terá ningún tipo de orientación política nin relixiosa.

Artigo 2º.- O domicilio social radicará en r/ Enriqueta Otero 2-6ºA; 27003-Lugo. Fíxase como medio preferido para notificacións o correo electrónico: medrandoenlugo@gmail.com

Artigo 3º.- 1.- A asociación exercerá as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Lugo.
2.- A xunta directiva poderá acordar a creación de sés noutras localidades, tendo atribucións para cambiar tanto o enderezo central como o das sés, dando comunicación ao rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia destes cambios.

Artigo 4º.- 1.- A asociación constitúese por tempo indefinido.
2.- A asociación rexirase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- 1.- Son fins principais da asociación:

- 1- Reunir a familias, tanto para realizar xuntas actividades de ocio saudábel como para compartir experiencias en torno á maternidade e á paternidade.
- 2- Apoio mutuo entre familias socias, loitando por mellorar o actual modelo de sociedade, no que a crianza adoita vivirse en soidade.
- 3- Proporcionar información sobre accións organizadas por outras entidades que persigan as mesmas finalidades.
- 4- Traballar en rede con outras entidades en proxectos concretos, contribuíndo así ao desenvolvemento do tecido asociativo provincial.
- 5- Promover e difundir os dereitos contidos na Convención de dereitos do neno e a nena de 1989, fundamentalmente os seguintes:
 - identidade: dereito a ser respectados, a que desenvolvan a súa personalidade e a vivir conforme ás súas crenzas
 - familia: dereito a unha familia e a compartir actividades nela
 - saúde: dereito a desenvolver hábitos de vida saudábeis
 - educación: dereito á escolarización
 - xogo: dereito a dispoñer de tempo, persoas e lugares para xogar
 - igualdade: dereito a non ser discriminados
 - participación: dereito a reunirse con outros nenos e nenas e a que as súas opinións se teñan en conta
 - paz: dereito a formarse sen violencia
 - prioridade: dereito a que as decisións se tomen dende as necesidades dos nenos

e das nenas

6- Reclamar dos poderes públicos que respecten e promovan estes dereitos e que enchan o baleiro de oferta de ocio en familia, así como o de espazos nos que pór en común a nosa viaxe pola maternidade ou paternidade.

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

- Organización de relatorios, xornadas e cursos sobre temas relacionados coa educación dos nosos fillos e fillas e coas nosas inquietudes e os nosos sentimentos como pais e nais.
- Celebración de obradoiros de tempo libre e outras actividades en familia.
- Colaboración en iniciativas con organizacións estatais e internacionais que compartan os nosos fins, especialmente para promover os dereitos da infancia.

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 6º.

1- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente.

2.- Poderán ser integrantes os menores non emancipados de máis de 14 anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

3.-Os acordos de admisión de persoas asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º.- Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadoras, que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarias, que ingresaron con posterioridade.
- c) Honorarias, que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8º.

1.-A condición de persoa asociada pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago de 1 cota.
3. Por incumprimento das súas obrigas ou pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, previo expediente disciplinario, coa audiencia da persoa interesada.
4. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.-A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados segundo e terceiro do parágrafo anterior será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral, e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º.- As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informadas da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás devanditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

Artigo 10º.- As persoas asociadas teñen as seguintes obrigas:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar fielmente os cargos para os que foron elixidas.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.
6. Non utilizar o nome da asociación para fins alleos a ela.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas pola presidenta, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º.

1.- A presidenta da asociación será designada pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas e o seu mandato durará 2 anos, aínda que pode ser reelixida. Será asistida nas súas funcións por unha vicepresidenta, que a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- A presidenta terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Impulsar e dirixir a actuación da asociación, propoñendo á xunta directiva o plan de actividades.
- c) Mediar nos conflitos que poidan xurdir e, no seu caso, convocar asemblea para resolvelos.
- d) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e doutra, e decidir con voto de calidade no caso de empate.
- e) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- f) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- g) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa secretaria ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º.

1.- A Xunta Directiva estará formada pola presidenta, a vicepresidenta, a secretaria

e mais a tesoureira.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 2 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

a) facelemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica,

b) renuncia voluntaria,

c) transcurso do prazo para o que foron elixidos,

d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por dous terzos das asociadas reunidas en Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día da persoa sucesora.

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidenta, secretaria e tesoureira.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.

2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.

3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.

5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación das cotas ordinarias e extraordinarias.

6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.

7. Ditar normas interiores de organización, interpretar os estatutos e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novas persoas asociadas e tomar as decisións precisas para o bo funcionamento da asociación.

9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Artigo 15º.

1.- A Xunta Directiva será convocada pola presidenta, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de dous terzos das persoas asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso,

da presidenta ou vicepresidenta e da secretaria ou persoa que a substitúa.

3.- A secretaria levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 16º.- As persoas integrantes da Xunta Directiva presidirán as comisións de traballo que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de persoas asociadas que acorde a Xunta Directiva.

Artigo 17º.- A Asemblea Xeral de persoas asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos seus integrantes. A presidente e a secretaria da asemblea serán a presidenta e a secretaria da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo tres veces ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten o 10% das persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á presidenta, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19º.- 1.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente en xaneiro.
2.- Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidenta e notificaranse por correo electrónico.

Artigo 20º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
3. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas.
5. Tomar decisións relativas á difusión e mais ao financiamento das actividades da asociación.

Artigo 21º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos.
2. Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da asociación.
6. Designar persoas liquidadoras.
7. Ratificar a expulsión de persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación ou a súa inscrición noutros rexistros.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 22º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorra un terzo das asociadas na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza da presidenta ou vicepresidenta e a secretaria ou persoa que a substitúa.

Artigo 23º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados do 1 ó 7 do artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao a presidenta e mais a secretaria. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 24º.- 1.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas.

2.-As sesións abranse pola presidenta. Deseguido procederá a secretaria a ler a acta da asemblea anterior, que deberá ser aprobada.

Posteriormente, a secretaria presentará a orde do día. Cada punto será informado pola persoa da Xunta Directiva á que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 25º.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 26º.- 1. A secretaria recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de persoas asociadas e dirixirá os traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e praxe da presidenta. A secretaria tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da secretaria, a presidenta designará outra persoa que desenvolva esta función.

Artigo 27º.- 1. A tesoureira recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidenta, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. A tesoureira ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

Artigo 28º.- As persoas asociadas que se comprometan a executar determinadas tarefas deberán realizalas ou, no seu caso, expresar a causa da súa

imposibilidade.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º.- A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 160 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 30º.- A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de orzamento será elaborado pola tesoureira, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 31º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1.As cotas anuais das persoas asociadas.
- 2.As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- 3.As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 4.Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- 5.Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32º.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias, que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 33º.- Anualmente, con referencia ao derradeiro día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34º.- Para a disposición de fondos da conta que a asociación ten na entidade bancaria será necesaria a sinatura, ben da presidenta, ben da secretaria, ben da tesoureira.

Artigo 35º.- Os fondos destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin con outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o

funcionamento interno da asociación estará sometido ao Dereito civil.

CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN

Artigo 37º.- Estes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polos dous terzos dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo das persoas asociadas adoptado polos dous terzos das asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, así como polas demais causas previstas na lei.

Artigo 39º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que, xunto á presidenta e á tesoureira, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 40º.- O haber resultante doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña iguais ou similares fins ca os desta asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Lugo, 2 de xaneiro do 2012